



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

En relación coa Resolución de Alcaldía núm.: 2019-0207 de data 18/06/2019, pola que se aproban as Bases que rexerán a contratación de persoal para a Oficina de Turismo de As Neves, e tras a constatación de que existen erros materiais na mesma,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Na base Sexta, apartado 2, referido as retribucións brutas mensuais, onde figura “961,88 €” debe figurar **1050 €**.

SEGUNDO. Na base Sétima apartado a), se incluírá tamén, o idioma portugués, quedando así redactado como segue:

“Valoraranse os idiomas inglés, francés, alemán, portugués e galego, os cursos completos con valoración de apto, ou a súa equivalencia se se trata de ciclos ou niveis, correspondentes ao Marco Europeo de referencia de institucións organizadora: A1: 0,25 puntos A2: 0,50 puntos B1: 0,75 puntos B2: 1,00 punto C1: 1,25 puntos C2: 1,50 puntos, para o inglés, francés, alemán, portugués, e para o Galego únicamente se puntuará con 1,25 puntos os que dispoñan do Celga 4 e con 1,5 puntos os que dispoñan do Celga 5.

Institucións organizadoras: Inglés: Universidade de Cambridge, Reino Unido-Test of English as a Foreign Language (TOEFL IBT/CBT/PBT), ETS, Estados Unidos – Inter-national English Language Testing System (IELTS), British Council, Reino Unido – Trinity College London, Reino Unido. Alemán: Goethe Institute, Alemaña -TestDaF, Hagen Institut, Alemaña. Francés: Alliance Française, Francia – Ministerio de Educación, Francia. Portugués: o Instituto Camoes a través do CAPLE/Universidade de Lisboa, Ministerio de Educación de Portugal, Galego (Celga 4 e Celga 5). Todos os idiomas: Escuelas Oficiais de Idiomas (EOI) – Universidades españolas ou convalidacións outorgadas polo Ministerio de Educación de España.”

TERCEIRO. Na base sétima apartado b), onde figura “*Experiencia profesional: ata un máximo de 3 puntos*”, debe figurar “**Experiencia profesional e formación**”: **ata un máximo de 5 puntos**.

- A experiencia laboral valorarase, tal como indican as bases da convocatoria e ata un máximo de 3 puntos.

- Por ter asistido a cursos de formación impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionados co posto a desenvolver, ata un máximo de 1,75 puntos:

- Máster ou Postgrao (relacionado co sector turístico): 1 punto.
- Curso de 100 ou mais horas: 0,25 puntos.
- Curso de 60 a 99 horas: 0,20 puntos.



- Curso de 30 a 59 horas: 0,15 puntos.
- Curso de 19 a 29 horas: 0,10 puntos
- Os cursos cunha duración inferior a 19 horas ou aqueles que non acrediten a duración dos cursos, serán valorados a razón de 0,05 puntos.

- As Bolsas de formación nas Oficinas de Turismo de calquera das Administracións Públicas: 0,02 puntos por mes. Deberá acreditarse mediante certificado de ser beneficiario dunha bolsa de formación, emitida polo órgano competente da Administración: 0,25 máximo.

O mando e asino, na data e lugar da súa sinatura electrónica, que figura ao marxe deste documento

O ALCALDE
Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

A SECRETARIA
Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire